

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A FEDERACIÓN PROVINCIAL DE CONFRARÍAS DE PESCADORES DE LUGO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro DECLARA:

Que esta Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro ven de formalizar coa Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Lugo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 30.05.2025 ata o 16.12.2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións de colaboración entre a Consellería do Mar e a Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Lugo co fin de financiar as inversións que leve a esta institución sen ánimo de lucro para acadar a mellora da competitividade.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se ven de asinar se fundamenta no seguinte:

Que se trata dunha subvención nominativa porque na Lei 4/2024, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025 figura a dotación orzamentaria no capítulo VII de Transferencias de Capital, 16.03.722A.781.5, proxecto 2014 00639, destinada a financiar convenios coas federacións de confrarías de pescadores para realizar determinadas inversións.

E de conformidade co artigo 26 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente.

Os investimentos a realizar coa axuda da Consellería do Mar teñen por obxecto acometer unha serie de melloras nos seguintes apartados:

1º) Realización dunha lona divulgativa para a presentación en feiras e congresos nos que participa a federación (EXPOMAR, Congreso anual da Federación,...).





2º) Organización dunha nova edición do "*Congreso da pesca artesanal no caladoiro cantábrico-noroeste*", para a defensa conxunta da frota artesanal, de dous días de duración, que sirva para poñer en común as principais demandas do sector centrados nas frota máis artesanais de litoral e do marisqueo, mediante o encontro entre as federacións de confrarías deste caladoiro que abarcan as Federacións de Biscaia, Guipúscoa, Cantabria, Asturias e Galicia, así como das provincias da Coruña e Pontevedra. Ao final da primeira xornada elaborárase un documento coas proposicións que se consideren máis importantes e que serán presentadas na seguinte xornada ante as institucións administrativas nacionais e autonómicas.

3º) Realización dun audiovisual conmemorativo do décimo aniversario "*Reflexións sobre a pesca artesanal*" interfederativo de Confrarías Cantábrico Noroeste co obxectivo de por en valor a celebración do evento e os principais avances e logros conseguidos ao longo dos dez anos de celebración do congreso.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo y do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado a sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela
A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Marta Villaverde Acuña
(asinado dixitalmente)

